

MAREMAGNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo



nº 16 - 2012

*NENOS SALVAXES E
PSIQUIATRÍA INFANTIL*



NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 16. Ano 2012

Número Ordinario

galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas

ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística e

Felicia Estévez Salazar

Ilustración portada

Berta Caccamo

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

– GALEGO –

7

Editorial

NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

9

DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DA INFANCIA
EN PSICOPATOLOXÍA. O NENO COMO SUXEITO

Federico Fernández Osorio

27

O NENO SALVAXE

Jean Garrabé

41

A PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DOS NENOS SELVÁTICOS:
O CASO DE “MARCOS”

Gabriel Janer Manila

51

O CASO VÍCTOR DE AVEYRON E OS NENOS SALVAXES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

67

ENTRE A PEDAGOXÍA E A PSICOPATOLOXÍA: O NENO
SALVAXE NO NACEMENTO DE A PSIQUIATRÍA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

81
NACEMENTO DA PSIQUIATRÍA INFANTIL
Cipriano Luis Jiménez Casas

93
O CEO DESDE A TERRA NA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO
María Pilar García Negro

109
MULLERES, LOUCURA, ESCRITA
Marilar Aleixandre

— CASTELLANO —

117
Editorial
NIÑOS SALVAJES Y PSIQUIATRIA INFANTIL

119
DE QUE HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE LA INFANCIA
EN PSICOPATOLOGÍA. EL NIÑO COMO SUJETO
Federico Menéndez Osorio

137
EL NIÑO SALVAJE
Jean Garrabé

151
LA PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DE LOS NIÑOS SELVÁTICOS:
EL CASO DE “MARCOS”
Gabriel Janer Manila

161

EL CASO VICTOR DE AVEYRON Y LOS NIÑOS SALVAJES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

177

ENTRE LA PEDAGOGÍA Y LA PSICOPATOLOGIA: EL NIÑO SALVAJE
EN EL NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

191

NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

Cipriano Luis Jiménez Casas

203

EL CIELO DESDE LA TIERRA EN LA OBRA
DE ROSALIA DE CASTRO

María Pilar García Negro

221

MUJERES, LOCURA, ESCRITURA

Marilar Aleixandre

ENTRE A PEDAGOXÍA E A PSICOPATOLOXÍA: O NENO SALVAXE NO NACEMENTO DE A PSIQUIATRÍA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso* Leticia Gómez Conde**

RESUMO

Tres institucións científicas en Francia, a Sociedade dos Observadores do Home, o Hospicio de Bicêtre e a Escola de Reeduación de Nenos Xordomudos de París condensaron arredor do “neno salvaxe”, os antecedentes inicialmente en Europa do nacemento de distintas disciplinas (Psicopatoloxía e Psiquiatría Infantil, Pedagogía...). O encontro entre os distintos profesionais (médicos-filósofos, psiquiatras, educadores), enmarcaron a atención deste caso como “unha experiencia crucial” e constituíron os referentes na evolución e consolidación destas especialidades, a partir do século XIX. O caso de Víctor constituíu e constitúe un obxecto privilexiado de estudo, e reflexión arredor da consideración da natureza humana, a expresión da psicopatoloxía infantil, e a cultura.

* A autora é Licenciada en Medicina e Cirurxía pola USC. Especialista en Psiquiatría –VIA MIR (1994-1997). Suficiencia investigadora, DEA obténdoa en Psicopatoloxía Infanto – Xuvenil (1997). Experta Universitaria en Psicoterapia na Infancia e Adolescencia. Formación continuada no FEGAS. Asistiu a cursos, talleres e congresos de Psiquiatría e Psicoloxía, no campo da Saúde Mental Infanto Xuvenil. Asistencia durante 1998 ó CEE Menela en Vigo – Fundación Menela. Traballou como Psiquiatra no Complexo Hospitalario de Pontevedra (1998-2000), con funcións clínicas, docentes, organizativas e de coordinación así como en Interconsulta co Servizo de Pediatría. Especialista en Psiquiatría desde 2011 no Centro Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) na Unidade de Saúde Mental Infanto – Xuvenil do Hospital “Nicolás Peña” de Vigo. Como experiencia docente participou como relatora, poñente e cursos de formación (Enfermería, Saúde Mental e Psiquiatría). Participación en Sesións Clínicas e Programas de Doutoramento en Saúde Mental e Psiquiatría Infanto Xuvenil así como na elaboración de Guías de Práctica Clínica da Depresión na Infancia e Adolescencia e Suicidio do Ministerio de Sanidad / Plan de Salud. As súas publicacións están relacionadas fundamentalmente a redor da Psiquiatría Infanto Xuvenil.

** A autora é Licenciada en Medicina pola USC. Residente en Psiquiatría no CHUVI de Vigo. Realizou cursos en psicopatoloxía, psicoterapia, psicopatías, farmacoloxía, terapias con asistencia de animais, entre

O Pasado da psicopatoloxía infantil

Dende tempos inmemoriais existen referencias ás enfermidades mentais na infancia, algunhas pódense atopar nos textos clásicos de Hipócrates. Estas alusións constituíron datos illados durante longo tempo ata o século XIX, é nesta época cando se produce un xiro importante no contexto histórico ilustrado de Francia, coas ideas xurdidas na Revolución Francesa e a súa extensión ao resto de Europa. Cambia o manexo do enfermo mental seguindo as pautas propostas por Pinel e Esquirol. Este é o punto de partida no que se atopa a Víctor de Aveyron, “un neno salvaxe” e que constitúe como obxecto de coñecemento e atención o nacemento da especialidade (Psiquiatría Infantil) e o seu desenvolvemento posterior ata tal como a coñecemos hoxe en día.

A devandita análise podémola dividir en catro períodos en función das referencias históricas:

1. Etapa previa a 1800 ou “período dos datos illados”.
2. Etapa entre 1800 e 1880, caracterizada polo aumento do interese polo neno enfermo mental e o tratamento destes en servizos independentes aos adultos. É o inicio da especialidade.
3. Etapa entre 1880 e 1920, na que se consolida a especialidade e aparecen os primeiros textos monográficos.
4. Etapa dende 1920 ata a actualidade.

Desenvolvemento das etapas.

1. Etapa previa a 1800 ou “período dos datos illados”.

Este período caracterízase polo acumulo dalgúns coñecementos sobre o tema pero sen constituír unha doutrina minimamente integrada. Existe literatura antiga con referencias específicas á psicopatoloxía infantil, sobre todo a epilepsia e alteracións do sono na Grecia Antiga.

outros. Desde o ano 2009, asistiu a conferencias e congresos; Asociación Galega de Psiquiatría; IX Simposio de Psiquiatría, XIX Congreso de Psiquiatría Legal e XIV Congreso Nacional de Psiquiatría (Barcelona). Coautora no libro: Basic Fundamentals in psychodermatology. TresCtres Editors. Artigo: *Gender Dysphoria: from the superficial symptom to the diagnosis*. Nuevo Siglo, S.L. Libro de Abstracts da IX Reunión Nacional de Psiquiatras Residentes. *Hepatic Encephalopathy or Marchiafava – Bignami disease?* Publicada na XII edición do libro Casos Clínicos de Residentes. Póster: Episodio psicótico en un paciente maior tratado con Bupropión. A propósito de un caso; Congreso de Psicoxeriatría (Vigo, 2011); REM trastorno do sono en persoas maiores (Vigo, 2011).

A xeito de anécdota podemos citar as descrições clínicas da epilepsia infantil que aparecen no Corpus Hipocrático e o libro do Mal Sagrado, entre outros.

Este tema tamén é tratado por Galeno quen describe por primeira vez o fenómeno da “aura” nun menor de 13 anos. No medievo só hai referencias á enfermidade mental infantil en textos médicos e relixiosos atopándose de forma illada. É nesta época onde xorde o debate sobre a orixe da deficiencia mental, debaténdose se a causa era demoníaca. É a inquisición a que afirma a orixe demoníaca.

No renacemento científico do século XVI mantíñanse as dúas posturas aínda que con matizacións. Destacan aquí Michel de Montaigne, quen apostaba por unha orixe natural, e Martin Lutero quen apoiaba a explicación sobrenatural relixiosa.

No século XVII unha das obras máis importantes é a de Félix Platter, unha figura importante para a paidopsiquiatría, xa que foi o primeiro en atribuírle unha causa hereditaria á deficiencia mental e impoñer un tratamento pedagóxico a esta. A partir de entón crece o interese social polo enfermo mental e o trato que este recibe. A finais de século XVIII aparece a obra de Pinel con referencias á patoloxía mental do neno.

Podemos reunir nesta época algunhas das achegas que constitúen os antecedentes remotos da psiquiatría infantil, arredor de **tres eixes**:

– *Os textos pediátricos dos séculos XVI e XVII.*

Algúns textos de pediatría, como *Libro das enfermidades dos nenos* de Luis Lobera, *Método ou orde de curar as enfermidades dos nenos* de Jerónimo Soriano. A temática nestes textos son o insomnio, os terrores nocturnos e a epilepsia infantil. Apúntanse algunhas causas e propóñense medidas terapéuticas.

– *Recuperación de xordomudos:*

Englobamos os coñecementos dende o século XVI ata o século XVIII con grande impacto das achegas españolas. As referencias da recuperación de xordomudos son moito máis coñecidas que as achegas dos pediatras. Un representante da escola española foi Ponce de León quen ensinou a falar e a escribir a algúns xordomudos. Fóra de España citamos a Francisco de Sales, hoxe patrón dos xordomudos.

O século de ouro da recuperación de xordomudos foi o século XVIII destacando outro español, Jacobo Rodríguez quen ideou un código de signos dixitais co que alcanzou éxitos terapéuticos e serviu para a pos-

terior fundación dunha institución do ensino de xordomudos en París, no que Itard trataría o neno de Aveyron, tamén coñecido como “o neno salvaxe”.

– *O interese polos nenos salvaxes:*

A primeira referencia documentada é a que sobre o neno lobo de Hesse realiza Camerarius. É no século XVIII cando este tema empeza a suscitar interese. Nos casos descritos alúdese á supervivencia dos nenos e a súa adaptación a unha posterior vida en sociedade. Rousseau reúne algúns destes casos e trata disto no seu libro *Discours sur L'origine et les fondemens de l'inegalité parmi les hommes* (1754) e Linneus describe 10 casos na súa obra *Systema Naturea* en 1788.

O tema cristalizou no século XIX co caso de Víctor, o que nos ocupa, con el ábrese un novo período na historia da psicopatoloxía infantil.



2. Período de formación 1800-1880

Coas ideas xurdidas na Revolución Francesa xorde tamén a preocupación polos nenos enfermos mentais, aos que non se lles sabe curar pero por primeira vez se crean servizos para nenos separados dos centros mentais para adultos. Francia é o primeiro lugar onde aparecen os primeiros centros para nenos.

– *A diferenciación de asilos para os nenos atrasados:*

Os manicomios convértense en institucións para o tratamento de enfermos e durante a primeira metade do século XIX vanse creando institucións para o tratamento de nenos con atraso mental. Itard traballou na Institución Nacional de Xordomudos, onde intentou facer falar a Víctor. Pasou este caso á historia como pioneiro do tratamento psicopedagóxico dos nenos. Os primeiros centros psiquiátricos infantís estiveron en Salpêtrière e Bicêtre en Francia.

Estes primeiros fundadores de institucións para nenos atrasados demostraron grande interese polos aspectos sociais da psicopatoloxía infantil. Deles xurdiron numerosos discípulos e seguidores os cales continuaron coa preocupación da educación e atención dos nenos atrasados.

O exemplo francés estendeuse a outros sitios de Europa e posteriormente a EEUU.



– *O progreso do contido científico:*

A finais do século XIX prodúcese unha consolidación do contido científico. Os primeiros temas que se tratan son a epilepsia, a deficiencia mental, a manía infantil e a incidencia dos factores sociais na enfermidade mental dos nenos. Empezan a xurdir en libros de psiquiatría e pediatria apartados dedicados á psiquiatría infantil.

– *O contido das publicacións:*

En 1803 presentouse unha tese sobre a epilepsia. Nesa época adoitábase atopar asociada á deficiencia mental. Existen algunhas referencias sobre a manía e a melancolía. Outro tema que aparece nas publicacións da época é a influencia do ámbito na enfermidade mental do neno. Benjamin Rush fala do risco dos fillos de pais con cadros de histerias e cefaleas.

– *Capítulos de psicopatoloxía infantil en tratados de psiquiatría e pediatria:*

Griesinger, Maudsley e West son tres autores que dedican grande parte da súa obra ao estudo dos trastornos mentais infantís, ademais de estudar a deficiencia mental, describen a conduta da anorexia, os trastornos da linguaxe e a patoloxía psicossomática na infancia.

3. O período de consolidación. 1880-1920

– *Incremento das publicacións:*

Nesta época dispárase o número de teses presentadas sobre o tema, e atópanse ademais do aumento cuantitativo unha diversidade cualitativa nos temas abordados.

– *Diversificación do contido das publicacións:*

O tema predominante é a histeria, a influencia de Charcot foi decisiva e a súa actividade en Salpêtrière. Describíronse formas moi precoces de histeria que poderían incluírse como patoloxía preescolar. Un caso ilustrativo achégao Burnet en 1891.

Cara a finais do século XIX aparecían publicacións sobre neurose, epilepsia, terrores nocturnos e secuelas de enfermidades orgánicas. En 1901 Bartschinger sinala a existencia de formas infantís de esquizofrenia, entre elas demencia precocísima. Suscita tamén interese a medida da intelixencia e publícase a escala da intelixencia de Binet utilizada para o diagnóstico dos nenos con atraso escolar e deficiencia mental. Despois da publicación da obra de Binet declárase o ensino como obrigatorio en Francia.

A influencia de Freud na psicopatoloxía infantil sitúase pasados os anos 20. As achegas de Ana Freud e Melanie Klein contribúen máis ao estudo das alteracións mentais dos nenos.

– *Os primeiros textos da psiquiatría infantil:*

Entre 1880 e 1900 recóllense 6 manuais de psiquiatría infantil por distintos autores. Un texto bastante coñecido é *La folie chez les enfants* de Pierre Moreau de Tours, de 1888 que se considera o primeiro texto en Francia.

No século XX atopamos o primeiro tratado en castelán publicado en 1907 en Barcelona *Compendio de Psiquiatría Infantil* de Vidal Perera. A obra tivo varias edicións e era un compendio de Contexto Pedagóxico “entre a psiquiatría e a pedagogía” que daba unha visión global da materia.

Outro texto español é o de Gonzalo R. Lafora publicado en Madrid en 1917 co título *Los niños mentalmente anormales*, considerado de gran calidade. Unha parte importante dedícalla á deficiencia mental e aos aspectos sociais da patoloxía mental infantil.

4. Os antecedentes inmediatos. 1920-época actual

Dende o punto de vista ideolóxico no século XX xorden os modelos explicativos do enfermar mentalmente e trunfa o psicanalítico, que se desenvolven con Ana Freud e Melanie Klein na década dos anos 20. Tendo un grande impacto no primeiro congreso de psiquiatría infantil do ano 1937, en París.

Posteriormente aparecen outros modelos: cognitivo, biolóxico, social... A tendencia que aparece a finais de século é integradora e nela o factor evolutivo adquire cada vez máis relevancia para explicar a psicopatoloxía infantil.

A conduta asocial e a delincuencia xuvenil é outra das preocupacións de principio de século. En 1918 promulgouse en España a Lei da creación dos tribunais de menores. E en 1920 aparece o primeiro tribunal de menores en Bilbao. En Chicago fúndase o Instituto Psicopático Xuvenil co obxectivo de previr trastornos mentais en nenos e adolescentes. Pouco a pouco increméntanse o número de profesionais que se dedican á psiquiatría infantil, creándose tanto en EEUU como Europa asociacións de psiquiatras infantís, como A Unión Europea de Psiquiatras Infantís en 1950.

Os maiores avances científicos en psicopatoloxía infantil prodúcense nas últimas décadas do século XX ligados aos progresos en bioquímica, á investigación xenética, e ás novas tecnoloxías. Ábrense novas vías para o estudo do funcionamento normal e patolóxico do neno.

5. Perspectivas de futuro

Neste momento en España aínda non hai un título oficial de especialista nin en Psiquiatría Infantil nin en Psicoloxía Clínica Infantil, pero en ambas as dúas

facultades, medicina e psicoloxía, as materias sobre este tema incrementáronse. Destacar que a asistencia mental infantil estase a consolidar nos países con alto nivel de desenvolvemento, pero é insuficiente no resto dos países, a pesar dos problemas de saúde mental na poboación infanto-xuvenil.

O salvaxe de Aveyron

O interese dos nenos salvaxes, dende o ámbito científico, prodúcese a partir dos séculos XVIII e XIX, séculos nos que se atopan varios casos interpretados como testemuños viventes dun estado natural do home. Neste sentido a conclusión de Levi Strauss é taxativa: o caso dos nenos salvaxes non testemuña de ningún comportamento natural da especie humana, porque tal comportamento é inexistente. É máis, invita a situar nalgún tipo de anormalidade a causa inicial do abandono e non o seu resultado.

O salvaxe de Aveyron foi un neno entre 12 e 13 anos atopado na campiña francesa en 1800 e que o seu mestre chamou Víctor. A descrición que se fai da súa aparencia cando foi atopado é a dun neno sucio, feroz, indiferente e incapaz de poñer atención, que só emitía sons guturais, realizaba movementos espasmódicos, mordía e rabuñaba os que se achegaban e buscaba a forma de fuxir. Destacaba a sucidade e o salvaxismo do rapaz e non o “home natural” que Rosseau describira.

O encontro do salvaxe de Aveyron co encontro científico da época:

Existen casos previos de nenos salvaxes pero este espertou a curiosidade dos científicos, xa que ao longo do século XVIII a ciencia se independiza da relixión e da filosofía e se inicia a era a investigación científica. Este caso constituíu un campo de observación, experimentación e validación de hipótese.

Arredor do caso de Víctor atópanse tres institucións científicas da Francia postrevolucionaria:

- Sociéte des Observateurs de L ‘Homme 1799 (filósofos, naturalistas, intelectuais e grandes da medicina francesa).
- Hospicio de Bicêtre (Philippe Pinel, psiquiatra).
- Escola de Reeduación de Nenos Xordomudos de París (Jean Itard, psiquiatra).

As preguntas xurdiron arredor do caso e o encontro con este neno:

Un home natural non contaminado?

Un neno con facultades psíquicas diminuídas, un idiota?

Efecto da ausencia de comunicación con outros homes?

Mito ou realidade do *homo Sylvestris*?



Der Wäld von Aveyron.

Non podemos esquecer á hora de abordar estas cuestións e a decisión do programa de intervención no caso de Víctor dos presupostos teórico-filosóficos da época: o empirismo, a figura de Condillac que retomou en Francia os principios do empirismo inglés os cales fundamentan a orixe do coñecemento na experiencia sensible. Para este autor todas as facultades mentais que compoñen a facultade de pensar, tanto as do entendemento como as da vontade non son máis que sensacións transformadas. Nesta perspectiva, Pierre George Cabanis nega a existencia de toda substancia pensante que non se confunda coa organización físico fisiolóxica do home e propón a unidade orgánica do ser humano situando todo o peso do organismo e as súas determinacións somáticas e instintivas, destaca a acción do físico sobre o moral: idade, sexo, temperamento, enfermidades... inflúen na intelixencia ou a vontade. Polo tanto, conclúe o desenvolvemento do pensamento depende do cerebro en primeiro termo pero tamén do conxunto dos órganos. A orixe do coñecemento, na experiencia sensible.

No plan de reeducación que Itard proxecta para o neno salvaxe atópase as pegadas da formulación anterior. A formulación da mente como facultade non innata permitirá concibir a educación de Víctor e fará o despegue da psicoloxía e pedagogía científica. Os posteriores encontros médicos pedagóxicos...

Os termos da polémica Pinel vs Itard

O Dr. Philippe Pinel foi promotor de reformas nos manicomios de París nos que se desenvolvían novos métodos para o tratamento da loucura. El clasifica as enfermidades mentais segundo causas físicas e psicolóxicas. Jean Itard era un médico innovador centrado na reeducación de xordomudos e tamén vinculado ao hospicio para enfermos mentais de Pinel.

Para Pinel, Víctor presenta trazos comúns cos nenos deficientes, idiotas, ao carecer de sentidos e estar privado do uso da palabra, carece de ideas e afectos. Non é un modelo de home natural, senón un enfermo físico e mental. Pinel establece a superioridade do físico e o psicolóxico como fundamento do desenvolvemento físico e intelectual e descarta a educación do salvaxe. Segundo el, a reeducación de Itard non é posible e como único tratamento propón a reclusión nun hospicio. Pola contra Itard sostén que o salvaxe, estivo limitado polas condicións da súa vida, e propón para el coidados médicos e un plan de reeducación. É Itard quen realiza unha conxunción de medicina e pedagogía (encontro médico-pedagóxico) reafirmándose na primacía do social sobre o natural.

Durante uns dez anos Itard dedícase ao caso de Víctor, que lle vale para redactar dúas memorias. O plan médico pedagóxico de reeducación que elabora consta de cinco obxectivos. Víctor non é xordo pero é clasificado de mudo. Itard pregúntase por que entón non fala. Isto válelle para establecer unha diferenza entre o xordo de nacemento que viviu nunha sociedade con linguaxe e o non falante por vivir en soidade e silencio. Por iso, o primeiro obxectivo será vinculalo á vida social. O segundo obxectivo é espertar a sensibilidade nerviosa mediante a estimulación e provocación de afectos. Segundo Itard, e contrariando a Pinel, só pode comprobarse que a sensibilidade de Víctor está pouco desenvolvida por levar unha vida illada da sociedade, desenvolvendo só as necesidades propias da supervivencia. Para desenvolver o resto das súas facultades e desenvolver ideas e afectos a base será ampliar a súa sensibilidade.

A exposición de Víctor ao frío, á chuvia, ao carbón acendido, ao lume... demostrou a escasa sensibilidade dos seus órganos sensoriais. Ademais do anterior, outros feitos chamaron o interese de Itard, entre eles que o rapaz tiña momentos de alegría e datos suxestivos de puberdade. Comprobou que o pracer é unha recompensa e a dor un castigo, o que lle permite actuar sobre os afectos do ánimo dispoñendo a sensibilidade ao desenvolvemento de novas funcións. Segundo estas pautas, Itard obtén progresos e fixa como cuarto obxectivo inducilo ao uso da palabra. este terreo foi o que constituíu o seu maior obstáculo.

Considera un fracaso os esforzos da educación na fala e proseguirá por outros medios, como o ensino da linguaxe escrita.

Espectáculo e enfermidade

Dende outra perspectiva, o tema dos nenos salvaxes é algo que sempre despertou interese. Estes foron un espectáculo para a sociedade occidental do século XIX e parte do XX, os casos de atraso mental adoitaban ser presentados nos circos como homes salvaxes. Durante o século XIX fixéronse populares

estes “Freak Shows” en estados Unidos na que toda clase de seres humanos anormais constituían un espectáculo que lles ofrecía aos visitantes unha mestura de horror e fascinación. Co tempo os homes salvaxes foron pasando dos espazos da investigación científica e os salóns da burguesía á curiosidade popular, deixaron de ser temas académicos para ser materia de circos e museos populares acompañando ananos, xigantes ou xemelgos deformes. Sempre había un lugar para os nenos salvaxes, podían ser de diversos tipos, microcéfalos, atrasados mentais presentados como “elos perdidos”. Tamén había individuos salvaxes falsos *geeks*, presentados ao público vestidos en peles, encadeados e rodeados de serpes, supostamente velenosas.

A fascinación por estes espectáculos continuou ata o século XX, de 1932 é a película *A parada dos monstros* que trata sobre este tema.

Pero podemos ir máis atrás no tempo, os espartanos desfaciáanse dos nenos deformes, xa que constituían un mal presaxio no século IV-V a.C. Os nenos salvaxes tamén teñen a súa orixe en razóns sociais como ocultar adulterios ou fillos fóra do matrimonio –gravado da nena romana de 1788– ou razóns sucesorias ou políticas como o formulado con Kaspar Hauser, 1828.

A deformidade, o salvaxe, o estigmatizado e a condición de enfermidade física ou psíquica interrelaciónanse e constitúen obxecto de interese e atención ao longo da historia e en distintas culturas. En Europa dende a Idade Media ata o século XVIII os “Carros procesionais cargados de tolos”, eran frecuentes nas festas e celebración populares.



Conclusiones

A experiencia de Itard no plan de reeducación de Víctor e os seus métodos continúanse implantando nas actuais prácticas educativas, pedagóxicas e psicolóxicas. Constitúese, e así se recolle, como pioneiro no tratamento psicopedagóxico dos nenos, precursor da psiquiatría de nenos e adolescentes e abriu un novo período da psicopatoloxía infantil.

A noción do desenvolvemento, o cálculo de cociente intelectual, os métodos de premio e castigo, a frustración ou a estimulación con miras pedagóxicas chegaron á educación e reactualízanse constantemente. Memorias como as de Itard escríbense a diario nos protocolos de test, informes escolares e avaliacións psicofísicas. Independentemente das consideracións diagnósticas actuais en relación ao caso, aos múltiples “comportamentos salvaxes” que evidenciamos na clínica diaria e a propia descrición de Itard sobre Víctor “indiferente a todo e atento a nada”. O feito de que autores como Bettelheim, formulen que estas criaturas perdidas sexan nalgúns casos nenos autistas, cuxa conduta non revela unha inmersión no salvaxe ou vida silvestre, senón síntomas dunha enfermidade. Itard destácase de novo á hora de achegar e ofrecer unha intervención de carácter intensivo, intento de integrar distintos profesionais e técnicas que requiren as patoloxías graves e que en moitos casos seguimos sendo, séculos despois, deficitarios dende a abordaxe e atención dos nosos pacientes.

O neno nace como organismo biolóxico, predestinado á interrelación dende as experiencias máis temperás e é xa dende aí onde se desenvolve de forma integral.

Lonxe dunha reserva natural e virxe, a infancia está sucada pola pegada do desexo dos pais, a marca dos seus mandatos e o peso dos seus ideais, os seus escenarios e tamén polo sistema social e cultural.

Os nenos salvaxes parecen constituír nenos abandonados ou perdidos nos bosques e criados por animais. Podemos dicir que cumprían o estereotipo do salvaxe medieval, andando a catro patas e sen linguaxe. O caso dos nenos salvaxes non testemuña ningún comportamento natural da especie, é máis, invita a situar nalgún tipo de anormalidade a causa inicial do abandono e non o seu resultado, como recolle Lévi-Strauss en 1981. Comprobouse, coa aparición destes nenos perdidos, que unha gran maioría presentan alteracións da linguaxe e desenvolvemento global con relación á privación afectiva ou social, e está afectado o seu desenvolvemento no plano cognitivo, afectivo e relacional. En moitos casos a idade que tiñan no momento do abandono considérase crucial para marcar a adquisición da linguaxe e o desenvolvemento posterior. Hoxe en día aínda se seguen documentando casos, xa non só atopados en medios naturais (bosques como Víctor) senón en estados de privación, encerrados en cuartos ou

sotos. Podendo considerar se o termo salvaxe se debería remitir, nestes casos, á sociedade e quizais achegarnos de novo a Rousseau e á súa visión.

Estes nenos tamén nos formulan un dilema ético que se estende á atención e á saúde mental na infancia e adolescencia e é a interacción e o encontro que se produce entre o adulto e a persoa que crece. Tendo que conciliar dende a atención profesional ao neno como a outro suxeito cuxa integridade, separación e liberdade debe ser respectada, en coidar, intervir, tratar, moldear, educar e cambiar... que supón a nosa actividade profesional.

Bibliografía

- DE AJURIAGUERRA, J. Manual de Psiquiatría Infantil. Cuarta Edición. Masson. 2004.
- Atlas de Filosofía. Alianza Atlas. 2000.
- BETTELHEIM, B. La fortaleza vacía: el autismo infantil y el nacimiento de sí mismo. Barcelona. Ed. Laia.
- BELINCHÓN, M.; IGOA, J. M.; RIVIÈRE, A. Psicología del Lenguaje: Investigación y Teoría. (1998). Editorial Trotta. Serie Cognitiva.
- El salvaje de Aveyron: psiquiatría y pedagogía en el iluminismo tardío (1978). Biblioteca total.
- GARCÍA ALONSO, MARÍA. El regreso de las abejas perdidas. Los niños salvajes en los límites de la cultura. Revista de Dialectología y Tradiciones populares (enero-junio, 2009) Vol. LXIV, Nº1, pp. 41-60.
- ITARD, JEAN. Victor de l'Aveyron (1982). Alianza Editorial.
- NARBONA, J.; CHEVRIE-MULLER, CLAUDE. El lenguaje del niño (2001). 2ª Edición. Masson.
- ROJAS-UREGO, A & BARÓN, B. Algunos aportes de la escuela francesa a la psiquiatría de niños y adolescentes. Rev. Colomb. Psiquiat (2009). Vol. 38, pp. 66-81. Suplemento nº 1.
- RODRÍGUEZ SACRISTÁN, J. Psicopatología del niño y adolescente (1998). Tomo 1. Capítulo 7. Segunda Edición. Universidad de Sevilla.
- RONDA, J.; SERÓN X. Trastornos del Lenguaje II (1998). Paidós.
- TRUFFAUT, FRANÇOIS. El niño Salvaje (1970). Editorial fundamentos.
- VIDAL PERERA, AUGUSTO. Compendio de Psiquiatría Infantil (2011). Segunda edición de 1908. Editorial Selene. AEPNYA.

ENTRE LA PEDAGOGÍA Y LA PSICOPATOLOGÍA: EL NIÑO SALVAJE EN EL NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRÍA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso* Leticia Gómez Conde**

RESUMEN

Tres instituciones científicas en Francia , La Sociedad de los Observadores del Hombre, el Hospicio de Bicêtre y la escuela de reeducación de niños sordomudos de Paris condensaron en torno al “niño salvaje”, los antecedentes inicialmente en Europa del nacimiento de distintas disciplinas (Psicopatología y Psiquiatría Infantil, Pedagogía,...). El encuentro entre los distintos profesionales (médicos-filósofos, psiquiatras, educadores), enmarcaron la atención de este caso como “una experiencia crucial” y constituyeron los referentes en la evolución y consolidación de estas especialidades, a partir del siglo XIX. El caso de Víctor constituyó y constituye un objeto privilegiado de estudio, y reflexión en torno a la consideración de la naturaleza humana, la expresión de la psicopatología infantil, y la cultura.

* La autora es Licenciada en Medicina y Cirugía por la USC. Especialista en Psiquiatría –VIA MIR (1994-1997). Suficiencia investigadora, DEA obtenida en Psicopatología Infanto – Juvenil (1997). Experta Universitaria en Psicoterapia en la Infancia y Adolescencia. Formación continuada en el FEGAS. Asistió a cursos, talleres y congresos de Psiquiatría y Psicología, en el campo de la Salud Mental Infanto Juvenil. Asistencia durante 1998 al CEE Menela – Fundación Menela en Vigo. Trabajo como Psiquiatra en el Complejo Hospitalario de Pontevedra (1998-2000), con funciones clínicas, docentes, organizativas y de coordinación así como en Interconsulta con el Servicio de Pediatría. Especialista en Psiquiatría desde 2011 en el Centro Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) en la Unidad de Salud Mental Infanto – Juvenil del Hospital “Nicolás Peña” de Vigo. Como experiencia docente ha participado como relatora, ponente y cursos de formación en áreas de Enfermería, Salud Mental y Psiquiatría. Participación en Sesiones Clínicas y Programas de Doctorado en Salud Mental y Psiquiatría Infanto Juvenil. Ha colaborado en la elaboración de Guías de Práctica Clínica de Depresión en la Infancia y Adolescencia y Suicidio del Ministerio de Sanidad / Plan de Salud. Sus publicaciones están relacionadas fundamentalmente entorno a la Psiquiatría Infanto Juvenil.

** La autora es Licenciada en Medicina por la USC. Residente en Psiquiatría en el CHUVI de Vigo. Realizo cursos en psicopatología, psicoterapia, psicopatías, farmacología, terapias con asistencia de animales,

